



**XUNTA
DE GALICIA**

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
ANTÓN ALONSO RÍOS



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"

PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

Curso 2025 – 2026

I.E.S. ANTÓN ALONSO RÍOS
Tomiño



ÍNDICE

1	Introdución e contextualización	3
1.1.	Características da contorna	4
1.2.	Características do IES	6
1.3.	Características dos centros adscritos	8
1.4.	Marco legal	9
2	Composición do Departamento de Orientación	14
3	Materiais e recursos didácticos	16
3.1.	Recursos xerais do centro	16
3.2.	Recursos do departamento	16
4	Obxectivos do Plan Anual de Orientación	18
4.1.	Obxectivos xerais	18
4.2.	Obxectivos específicos	19
5	Planificación xeral e definición das accións prioritarias	25
5.1	Liñas de actuación prioritarias	25
5.2	Temporalización	26
5.3	Actividades complementarias e extraescolares	30
6	Estratexias de intervención	32
7	Avaliación do plan: mecanismos de revisión, avaliación e modificación do plan e procesos de mellora	33
ANEXO 1:	Plan de Intervención do profesorado PT	35



1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A orientación educativa e profesional do alumnado forma parte dos principios nos que se inspira o sistema educativo e, é considerada como medio para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral ao alumnado.

En liña co que se sinala no conxunto da lexislación educativa, e concretamente na *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)*; no *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*; e no *Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade*; na *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 e na Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Orientación do noso centro fará especial fincapé en contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado, en mellorar a súa convivencia e educación en valores e na inclusión da diversidade.

A planificación para o curso 2025-2026 toma como referencia os tres grandes ámbitos que abrangue o campo da Orientación: o Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, a Orientación académico-profesional e a Acción tutorial. Dentro deles trataremos de dar resposta as liñas prioritarias de actuación que establece a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

Neste sentido, e pese a que actividade orientadora baséase nunha intervención global, o feito de segmentar as diferentes actuacións en tres ámbitos permite unha actividade máis clara e concisa, a cal permite profundar en elementos que no caso de ser analizados a nivel máis holístico resultarían pouco prácticos (en termos de intervención). Deste xeito, os tres ámbitos de actuación correspóndense cos tres ámbitos de interese para a labor de Orientación:

- ❖ O aspecto persoal, que se aborda fundamentalmente desde o ámbito da acción tutorial.
- ❖ O aspecto profesional, que se aborda fundamentalmente desde o ámbito da orientación académica e profesional.
- ❖ O aspecto académico, que se aborda fundamentalmente desde o ámbito de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Os axentes destinatarios das actuacións incluídas neste plan serán o alumnado, o profesorado, os pais/nais/titores dos alumnos/as e a comunidade



educativa en xeral. Con todo isto, preténdese seguir coa liña de traballo desenvolvida en cursos pasados e continuar deste xeito afianzando a importancia do papel da orientación no ámbito escolar.

O modelo de orientación que sustentará a nosa actividade dende o Departamento de Orientación, entende a orientación como unha actividade educativa (inherente á función docente) que se articula en tres niveis: acción tutorial, o Departamento de Orientación fundamentalmente e, por último, o Equipo de Orientación Específico (EOE) cando os dous primeiros niveis non sexan suficientes para atender a problemática que poda xurdir na vida escolar.

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida por todo o equipo docente, coordinada polo titor e asistida polo orientador e mais polos servizos externos de apoio.

Así, e tendo en conta todo o mencionado e as propostas de mellora recollidas na memoria do curso pasado, o Departamento de Orientación elabora este Plan de Traballo cun carácter flexible, atendendo ás características e necesidades de orientación que presenta o centro, pero estando abertos ás posibles modificacións derivadas da aparición ou detección de novas necesidades.

1.1. Características da contorna.

O IES está situado no municipio de Tomiño, comarca do Baixo Miño, ao sur da provincia de Pontevedra, fronteirizo con Portugal e aproximadamente a uns 45 km de Vigo.

A zona é rural e a meirande parte da súa poboación dedícase os labores agrícolas, aínda que nos últimos anos houbo incremento do sector servizos.

En canto ao nivel cultural, podemos sinalar que a maioría da poboación adulta sitúase entre os estudos básicos e amosan escasas expectativas sobre os seus fillos e pouco interese para que estes prosigan estudos superiores. Isto incide fundamentalmente na motivación do alumnado dende os primeiros cursos, sobre todo a partir dos últimos cursos de Primaria, apreciándose de xeito xeral na Secundaria e manifestándose como baixo nivel académico, escasos hábitos de estudo, falla de técnicas de traballo intelectual e abandono escolar.

A poboación no municipio está moi dispersa e con zonas bastante deprimidas lonxe do núcleo comercial e administrativo. O alumnado procede maioritariamente do municipio, aínda que nos cursos superiores hai un incremento de alumnos e alumnas procedentes doutras zonas da comarca (Tui, O Rosal, A Garda). Outra característica observada nos últimos cursos é o



incremento de alumnado de familias que fixan a súa residencia no municipio e que proceden de Vigo, estando estes alumnos escolarizados previamente en centros educativos vigueses. Tamén e durante todos os cursos, aínda que en cantidades pequenas, comeza a haber alumnado de procedencia estranxeira.

A dispersión da poboación xunto coa precaria rede de transporte público, dificulta o asociacionismo dos pais e a posibilidade de manter máis contacto co centro, aínda que en xeral acoden cando o titor ou titora solicítallo, pero non o fan por iniciativa propia. No alumnado esta dispersión dificulta as súas relacións sociais fóra do centro e pódese sinalar que en xeral o alumnado, no momento de chegar ao instituto, presenta escasas habilidades para moverse con autonomía, comunicarse, ou relacionarse máis aló dos veciños.

A poboación é maioritariamente galegofalante, aínda que con moita mestura co castelán. En xeral, amosa pouca fluidez verbal, pobreza de vocabulario, dificultades na comprensión e expresión lingüística, etc. Estas dificultades son máis patentes na lingua castelá.

Así mesmo, neste apartado, é importante sinalar a gran cantidade de demandas a nivel emocional que hai no IES, así como sintomatoloxía ansiosa, uso excesivo das TICs, etc. Isto se ve agravado polas longas listas de esperas na Unidade de Saúde Mental do SERGAS e pola falta de recursos económicos das familias para poder costearse unha atención psicolóxica.

En relación co anterior, cabe sinalar o aumento do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ao longo dos últimos cursos, especialmente aumentaron as necesidades no eido académico (contamos con alumnado que non ten adquirido o proceso de lectoescritura correctamente). Isto fai que, curso tras curso, exista a gran necesidade de contar cun 2º mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica (PT).

Ao anterior, hai que sumar no presente curso que, debido a falta de dispoñibilidade horaria do profesorado no centro, supuxo unha reorganización dos recursos que repercuten enormemente e de xeito negativo na atención á diversidade do alumnado. De feito, **no presente curso, continúa incorporouse ao instituto novo alumnado procedente do estranxeiro (que nunca cursaron os estudos no sistema educativo español)**. Tamén **aumentou o número de traslados de alumnado doutros centros educativos que teñen recoñecido algún grao de discapacidade, alumnado que ten aberto un protocolo de prevención da conduta suicida**, entre outras casuísticas.

Finalmente, indicar que, en relación co anterior, isto se ve agravado polo novo profesorado que comeza no centro (temos moita mobilidade dos

docentes) non coñece as características do alumnado, do centro e da contorna.

1.2. Características do I.E.S.

1) Oferta educativa:

A día de hoxe, no centro impártense as seguintes ensinanzas:

- ✓ Ensinanza Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º).
- ✓ Bacharelato (1º e 2º):
 - Ciencias e Tecnoloxía.
 - Humanidades e Ciencias Sociais.
- ✓ Formación Profesional Básica:
 - Agroxardiñería e Composicións Florais.
 - Electricidade e Electrónica.
- ✓ Ciclos formativos de grado medio:
 - Instalacións de telecomunicacións.
 - Aproveitamento e conservación do medio natural.

Os grupos cos que conta o centro recóllense na seguinte táboa:

GRUPOS					
E.S.O.		F. P.		BACH	
1º curso	5	F.P. Básica	4	1º curso	2
2º curso	5	Telecomunicacións	2	2º curso	2
3º curso	4	Aprov. Medio natural	2		
4º curso	4				

2) Profesorado:

O IES Antón Alonso Ríos ten un total de **68 profesores e profesoras**, dos cales, **30 son titores/as**. Porén, máis da metade é profesorado novo no centro.

Así mesmo, este curso volvemos a contar cunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e media xornada do PROA+, o cal favorecerá a atención do alumnado con NEAE.



3) Alumnado:

Actualmente, o centro conta con **576 alumnos/as matriculados**, distribuídos do seguinte xeito:

Nº DE ALUMNADO EN EL CENTRO					
E.S.O.		F. P.		BACH	
1º	102	FPB Electrónica	25	1º	49
2º	109	FPB Agroxardinería	19	2º	51
3º	93	Telecomunicacións	15		
4º	89	Aprov. Medio natural	24		
TOTAL	393		83		100

4) Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE):

A inclusión deste alumnado no Plan Anual de Orientación é un dos aspectos máis importantes do mesmo.

Os datos reflectidos neste Plan Anual de Orientación son provisionais, xa que é unha previsión que facemos ó inicio do curso escolar, tendo en conta o seguinte:

- Análise, valoración e seguimento do alumnado destas características do noso propio Centro de cursos anteriores.
- Análise dos expedientes e informes dos Departamentos de Orientación do alumnado que incorpórase ó noso IES neste curso e que proveñen dos Centros de Educación Infantil e Primaria do entorno. Algúns poucos son externos, non veñen dos centros adscritos ao noso IES.
- Datos aportados polos propios pais/nais/titores legais que acudiron a entrevistas coa Orientadora.
- Na Avaliación Inicial do alumnado da ESO recabaránse máis datos, xurdirán peticións de valoración de alumnos/as e coordinaranse as actuacións a levar a cabo con eles.

Con todos estes datos, podemos afirmar que na actualidade nos atopamos no noso IES co seguinte alumnado de Necesidade Específica de Apoio Educativo (ANEAE), tal como figura no artigo 6 da *Orde de 8 de setembro de 2021*:

- Necesidades educativas especiais.
- Retraso madurativo.



- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación
- Trastornos de atención o de aprendizaxe.
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo: temos alumnado procedente de Rumanía, Rusia, América do Sur, ...
- Por condicións persoais ou de historia escolar: alumnado con diferentes casuística. Moitos usuarios dos Servizos Sociais.

Na actualidade no noso centro nos atopamos con alumnos/as que máis que unha dificultade específica ou concreta de aprendizaxe, teñen dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e dificilmente poden seguir o ritmo da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Asemade, hai alumnos/as de 1º e 2º da ESO do noso IES que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, particularmente nas áreas das linguas aos que se lles será concedida a Exención da Segunda Lingua Estranxeira (francés ou, portugués) e que recibirán un RE. Xa se lle foi concedida a varios alumnos: a aqueles que xa tiveron exención en 1º de ESO (e repiten curso), aos alumnos que pasan por imperativo legal e aos que teñen unha Adaptación Curricular Significativa (ACS). A maiores, no presente curso, vólvese a implantar os Agrupamentos Flexibles na materia de Matemáticas en 2º ESO. Nas avaliacións iniciais decidiremos o resto do alumnado que recibirá esa medida tendo en conta a opinión do profesorado e os resultados da valoración feita dende o DO.

1.3. Características dos centros adscritos.

O IES Antón Alonso Ríos ten adscritos seis colexios de Educación infantil e Primaria de Tomiño:

- CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán.
- CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián.
- CEIP de Sobrada.
- CEIP de Barrantes.
- CEIP Plurilingüe de Tebra.



- CRA Mestre Manuel Garcés.

Destes centros, no presente curso escolar, o CEIP de Barrantes e o CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián comparten a mesma orientadora e, por outra banda, o CEIP Plurilingüe de Tebra comparte orientadora co CRA Mestre Manuel Garcés.

O Departamento de Orientación do IES, ademais de estar integrado por profesorado do noso centro, está constituído polos xefes/as dos Departamentos de Orientación deses colexios.

A poboación escolar é moi heteroxénea e con características diferenciadas que o Plan Anual de Orientación deberá telo en conta. Débense considerar tamén as características do contorno socioeconómico, descritas con anterioridade, como variables que inciden nas necesidades educativas do alumnado e nas dificultades de relación social cos iguais fóra do centro educativo.

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva. Estas liñas foron consensuadas co resto de centros educativos do concello de Tomiño en cursos anteriores, para que a súa consecución sexa coordinada, en beneficio do noso alumnado e mellorando o tránsito da Educación Infantil á Educación Primaria e dende esta etapa á Educación Secundaria.

1.4. Marco legal.

As principais referencias lexislativas sobre as que se sustenta este Plan de Orientación son:

Xeral	✓ Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE). ✓ Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación (LOE). ✓ Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional. ✓ Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. ✓ Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato, de acordo co disposto no Real Decreto-lei 5/2016. ✓ Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. ✓ Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de
-------	---



	avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. ✓ Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
ESO e Bacharelato	✓ Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. ✓ Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro. ✓ Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. ✓ Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro. ✓ Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. ✓ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. ✓ Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. ✓ Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta ✓ Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo. ✓ Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo. ✓ Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.
Acceso á Universidade	✓ Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao. ✓ Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia. ✓ Resolución do 11 de abril de 2025, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización da proba de acceso á universidade (PAU) no curso 2024/25.



	✓ Resolución do 25 de setembro de 2024 pola que se establecen as pautas e prazos para a realización da proba de acceso á universidade (PAU 2025) do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Formación Profesional Básica	✓ Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional. ✓ Real Decreto 127/2014, de 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real Decreto 1850/2009, de 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. ✓ Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos. ✓ Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas. ✓ Resolución do 10 de xullo de 2024 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25.
Formación Profesional	✓ Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional. ✓ Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación ✓ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. ✓ Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional. ✓ Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional. ✓ Real decreto 278/2023, de 11 de abril, polo que se establece o calendario de implantación do Sistema de Formación Profesional establecido pola Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional ✓ Real decreto 498/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. ✓ Real decreto 499/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. ✓ Real decreto 500/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas. ✓ Real decreto 497/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen, no ámbito da Formación Profesional, cursos de especialización de grao medio e superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.



	✓ Real Decreto 1085/2020, do 9 de decembro, polo que se establecen as validacións de módulos profesionais de títulos de Formación Profesional do sistema educativo español e as medidas para a súa aplicación e se modifica o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo ✓ Real Decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. ✓ Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. ✓ Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. ✓ Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. ✓ Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26..
Convivencia	✓ Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. ✓ Decreto 85/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 e convivencia e participación da comunidade educativa.

Outras disposicións máis específicas do traballo a desenvolver polo Departamento de Orientación son:

Orientación educativa	✓ Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. ✓ Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120 /1998. ✓ Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.
Atención á diversidade	✓ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. ✓ Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. ✓ Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
ANTÓN ALONSO RÍOS



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"

	coordinadora de bienestar e convivencia nos centros docentes de Galicia
--	---



2.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

No *Decreto 120/98* establécese a composición dos Departamentos de Orientación. Nun IES das características do de Tomiño sería a seguinte:

- Profesor/a da especialidade de Orientación Educativa que exercerá a xefatura do departamento.
- Profesores/as de Pedagogía Terapéutica.
- Un/unha representante por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, designados polo director do centro.
- O/a profesor/a de Formación e Orientación Laboral.
- Os/as Xefes/as do Dptos. de Orientación do CRA e dos CEP e CEIP adscritos ao IES Antón Alonso Ríos.

Polo tanto, de acordo a esta normativa, o Departamento de Orientación do I.E.S. Antón Alonso Ríos, no presente curso escolar, é a seguinte:

- Orientadora e Xefa do Departamento do IES: **Nuria Garrido Carballido.**
- Mestra especialista en PT: **Marta Martínez Valladares.**
- 2ª mestra especialista en PT: **Patricia López Rodríguez.**
- Mestre PT do programa PROA+: **Manuel Antonio Díaz Álvarez.**
- Representante do ámbito lingüístico-social: **Nerea Vergara González.**
- Representante do ámbito científico-tecnolóxico: **Alejandra Costa Méndez.**
- Xefa do Dpto. de FOL: **Iria Pardo Romero.**
- Xefa Dpto. Orientación do CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán: **Alba Bernal Garrido.**
- Xefa Dpto. Orientación do CEIP Sobrada: **Melania Coya García.**
- Xefa Dpto. Orientación do CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián e do CEIP de Barrantes: **Alba Barros Guerrero.**
- Xefa Dpto. Orientación do CEIP Plurilingüe de Tebra, compartida co CEIP Plurilingüe de Atios (O Porriño): **Silvia González Navaza.**



- Xefa Dpto. Orientación do CRA Mestre Manuel Garcés: **Yesenia Montero Arce.**

O membros do Departamento de Orientación do IES reunírase con carácter xeral unha vez ao mes (de acordo co establecido na *Orde do 4 de xuño de 2012*). Nesta reunión procurárase dar prioridade aos temas relacionados coa acción titorial, convivencia escolar e atención á diversidade.

As reunións coas xefaturas dos departamentos de orientación dos centros adscritos terán lugar, con carácter xeral, unha vez ao trimestre (artigo 13 da *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia*).

Así mesmo, a Xefa do Departamento de Orientación reunírase semanalmente coa Xefatura de Estudos, co profesorado PT e co profesorado-titor dos distintos cursos da ESO, Bacharelato e FPB para colaborar e asesorar nas medidas e actuacións levadas a cabo. Esta coordinación das titorías do Departamento de Orientación farase por niveis, tendo contacto e intercambio de información con todos os titores e titoras de cada etapa educativa (principalmente da ESO e FPB), para organizar as actividades e ir resolvendo as problemáticas que se vaian detectando.



3.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

3.1. Recursos xerais do centro:

O Departamento de Orientación do IES Antón Alonso Ríos conta coas seguintes **instalacións** no centro:

- Un **DESPACHO DE ORIENTACIÓN** onde se podía localizar á orientadora a maior parte do tempo. Neste despacho tiñan lugar as reunións dos membros do Departamento, reunións coas familias e alumnado, aplicación de probas psicopedagóxicas, etc. Atópase preto dos despachos de Dirección e da Sala de Profes, o cal facilita a coordinación.

Este despacho conta co mobiliario adecuado (mesa, tres cadeiras, andeis para colocar os materiais, moble-arquivador, dous taboleiros, ...) e material de oficina (ordenador de sobremesa con conexión a internet, impresora, teléfono, archivadores, etc.).

- En relación ao profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT), contase cunha **AULA ESPECÍFICA DE APOIO PT**, a cal será compartida con convivencia. Porén, nun primeiro momento non coincidirá o seu uso cos apoios (horario lectivo) e temas de convivencia (recreos). Este espazo tamén utilizarase para as reunións mensuais do departamento.

3.2. Recursos do departamento:

Entre os MATERIAS cos que conta o Departamento de Orientación pódese salientar:

- ◆ **Material bibliográfico e de consulta** sobre avaliación psicopedagóxica, elaboración de ACS, tratados de psiquiatría da adolescencia, enciclopedia das NEAE, atención á diversidade, psicoloxía e psicopedagogía da adolescencia, alumnado con TDAH, alumnado con dislexia, etc.
 - Cabe destacar que algún deste material atópase desfasado (como materiais sobre garantía social ou diversificación curricular).
- ◆ **Materiais para traballar co alumnado temas transversais** como a prevención do consumo de drogas, educación afectivo-sexual, técnicas de estudo, Habilidades Sociais, prevención da violencia de xénero, etc.



- Tamén tense materiais adaptados para desenvolver as ACS nas materias instrumentais co alumnado NEAE ao que se lle aplique esta medida.
- Á lista anterior, pódese engadir materiais para traballar a orientación vocacional (por exemplo, fichas sobre toda de decisións) e outros materiais sobre orientación laboral.
- ◆ **Amplio material de avaliación psicopedagóxica** para levar a cabo a detección de necesidades educativas no alumnado: *WISC-5*, *Matrices Progresivas de Raven*, *K-BIT*, *test de atención d2*, cuestionarios de personalidade, *test para detectar acoso escolar*, cuestionarios de orientación vocacional, etc.
- ◆ **Xogos de mesa** (Lince, Scrabble, Letra e Letra, Story Cubes, ...) para empregar nas horas de tutoría.
- ◆ **Tres ordenadores portátiles:** un para a orientadora e dous para o profesorado PT.

Por outra banda, o Departamento de Orientación conta cos seguintes RECURSOS TELEMÁTICOS:

- **Correo corporativo** da Xunta para a comunicación cos diferentes membros da comunidade educativa (profesorado, familias e alumnado).
- **Teléfono** no despacho de Orientación.
- **Aula Virtual** do Departamento:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesantonalonsorios/aulavirtual/course/index.php?categoryid=33>
- **EVA Edixgal:** o profesorado de apoio terá acceso as materias que compoñen esta ferramenta para traballar co alumnado da ESO.



4.- OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais do Departamento de Orientación establécense tralo estudo dos distintos documentos do centro e o departamento, e o intercambio de información co profesorado e o Equipo Directivo. Os obxectivos propostos nacen tamén das accións prioritarias recollidas na *Circular 10/2010*.

Para acadar estes obxectivos levaranse a cabo accións en relación aos tres eixos fundamentais da orientación educativa: a) a atención á diversidade do alumnado, b) o apoio á acción titorial, c) a orientación académica e profesional. De todas formas, a organización da presente programación pretende romper esas barreiras xa que ditos eixos non poden nunca ser compartimentos separados, senón que existe unha interrelación entre eles.

Plantéxanse a continuación uns obxectivos –xerais e específicos- que teñen como finalidade contribuír ao máximo desenvolvemento das competencias do noso alumnado na procura do seu desenvolvemento integral. Así mesmo, dende o DO, pretendemos incidir fundamentalmente nas competencias instrumentais (lingüística e matemática), aprender a aprender e sociais e cívicas.

En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades detectadas, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora.

4.1. Obxectivos xerais:

- ✓ Seguir mantendo unha adecuada coordinación, colaboración e comunicación constante entre o Equipo Directivo e o DO
- ✓ Potenciar a Acción Titorial por medio da colaboración activa cos titores
- ✓ Mellorar a coordinación co profesorado en relación á atención á diversidade do noso alumnado.
- ✓ Dar especial relevancia á orientación académica e profesional do noso alumnado, especialmente –pero non só- nos momentos de transición entre etapas (4º de ESO e 2º de BAC).
- ✓ Colaborar no favorecemento dunha comunicación axeitada entre o centro e as familias do noso alumnado, e ofrecer aos alumnos/as e as súas familias información e asesoramento académico e profesional o máis axeitados posible.
- ✓ Facer, dende o Departamento de Orientación, especial fincapé na mellora da coordinación cos departamentos de orientación dos centros adscritos dos que proveñen a maioría do noso alumnado.

4.2. Obxectivos específicos:

Os obxectivos específicos formúlanse tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria do Departamento de Orientación do curso 2025-2026:

A) Respecto á acción tutorial:

PROPOSTAS DE MELLORA 2024-2025	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 2025-2026	LIÑA DE ACTUACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Seguir incidindo na necesidade de comunicación coas familias para consensuar esforzos de cara a mellora no desenvolvemento escolar do fillo/a.	• Implicar ás familias no proceso educativo do seu fillo/a de forma activa e coordinada. • Facilitar información e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.	• Formación específica para familias sobre acompañamento educativo. • Aumentar a coordinación coa ANPA para trasladar información ás familias a través desta entidade.	• Realizar unha charla de orientación académico-profesional coas familias de 4º ESO. • Manter unha coordinación trimestral coa ANPA.
Continuar planificando actividades para febreiro – o mes das emocións.	• Planificar actividades que fomenten a intelixencia emocional e o autocoñecemento do alumnado.	• Desenvolver o proxecto “febreiro: mes das emocións”, especialmente a través das titorías e a través dos diferentes departamentos didácticos. • Reunións periódicas coa coordinadora de Benestar e Convivencia.	• Participación no proxecto “febreiro: mes das emocións” dun 60% do profesorado. • Grao de satisfacción do alumnado a valorar nas enquisas de final de trimestre.
Seguir incidindo na importancia de traballar as técnicas e hábitos de estudo a través das titorías.	• Desenvolver actividades de tutoría que fomenten a mellora das técnicas e hábitos de estudo que favorezan o seu rendemento académico.	• Coordinarse cos diferentes departamentos didácticos para a inclusión de técnicas de estudo dende as diferentes materias. • Elaboración de materiais prácticos (esquemas, vídeos, dinámicas). • Coordinación co profesorado-titor para facer seguimento e reforzo nas aulas • Orientación individualizada a	• Realización de reunións trimestrais cos diferentes departamentos. • Melloría no rendemento académico do alumnado. • Nº de intervencións individualizadas realizadas.

		alumnado con dificultades.	
Desenvolver actividades que fomenten a convivencia.	Desenvolver actividades que fomenten un clima escolar positivo baseado no respecto, a empatía e a resolución pacífica de conflitos.	- Reunións periódicas coa coordinadora de Benestar e Convivencia. - Participación nos programas do centro que fomenten a convivencia como “mediación escolar” e/ou “grupo de acollida”.	- Redución dos partes disciplinarios e/ou conflitos. - Aumento do nº de alumnado implicado nos programas de convivencia do IES.

B) Respecto aos procesos de ensinanza-aprendizaxe:

<i>PROPOSTAS DE MELLORA 2024 - 2025</i>	<i>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 2025 - 2026</i>	<i>LIÑA DE ACTUACIÓN</i>	<i>INDICADORES DE LOGRO</i>
Elaborar un Programa de habilidades e competencias sociais, tal e como se recolle no artigo 53 da <i>Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade en Galicia</i> .	Elaboración dun Programa de habilidades e competencias sociais.	Realizar un Programa de habilidades e competencias sociais, tal e como se recolle no artigo 53 da <i>Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade en Galicia</i>.	Aprobación do Programa de habilidades e competencias sociais en Consello Escolar.
Continuar a labor de seguimento do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en especial, do alumnado derivados aos Servizos Sanitarios e Servizos Sociais; así como do alumnado co que se están seguindo os protocolos da Xunta (prevención do risco suicida).	Asegurar o seguimento continuo e a coordinación interinstitucional para garantir a resposta educativa axeitada ao alumnado con NEAE en situacións de especial vulnerabilidade.	- Realizar un seguimento do alumnado NEAE a través das sesións de avaliación. - Realizar un seguimento do alumnado NEAE a través das reunións semanais co profesorado tutor e xefatura de estudos. - Coordinación coas entidades externas (Saúde Mental, Servizos Sociais, gabinetes psicopedagóxicos externos, ...)	- Rexistro da realización do seguimento do alumnado NEAE a través das sesións de avaliación. - Rexistro do seguimento do alumnado NEAE a través das reunións semanais co profesorado tutor e xefatura de estudos.

Informar exhaustivamente ao profesorado da nova incorporación do alumnado con NEAE, así como das medidas de atención á diversidade propostas ou que deben seguir recibindo.	• Facilitar ao profesorado toda a información relevante sobre o alumnado con NEAE para unha mellor atención na aula.	• Realizar unha reunión a principio de curso para informar sobre aquel alumnado con NEE ou unha circunstancia específica (por exemplo, aqueles incluídos en Alerta Escolar). • Realizar reunións extraordinarias cando apareza un novo caso que requira de novas medidas urxentes (por exemplo, tras a apertura dun protocolo de prevención da conduta suicida). • Resposta á demanda de información adicional por parte do profesorado.	• Asistencia do profesorado a reunión de principio de curso (antes do inicio das clases). • Elaboración de actas sempre que haxa unha reunión ante casos extraordinarios. • Rexistros en relación a decisión sobre a aplicación de medidas de atención a diversidade.
Manter unha adecuada coordinación coa mestra PT e co profesorado das distintas áreas a reforzar.	• Mellorar a intervención educativa a través da coordinación constante entre os profesionais implicados na atención ao alumnado con NEAE.	• Realización de reunións mensuais coas mestras PTs para facer seguimento do alumnado NEAE. • Realización de reunións trimestrais co profesorado a través das sesións de avaliación. • Rexistro e avaliación das medidas implementadas.. • Mercar novo material para a aula PT	• Rexistrar no libro de actas do departamento as reunións mensuais coas mestras PTs. • Participación nas sesións de avaliación. • Adquisición de novo material para a aula PT.
Aumentar o contacto entre o profesorado de apoio e as familias do alumnado con NEAE, co obxectivo de favorecer a coordinación familia-centro de cara a que o proceso de ensino-aprendizaxe teña continuidade no ámbito familiar.	• Favorecer a comunicación entre as familais e o profesorado de apoio para mellorar o proceso de aprendizaxe do alumnado con NEAE.	• Realizar reunións coas familias que teñen un fillo/a con NEAE nas que tamén acuda a mestra PT.	• Realización de reunións coas familias e a mestra PT nun 25% do alumnado con NEAE.

C) Respecto á orientación académico-profesional:

<i>PROPOSTAS DE MELLORA 2024 - 2025</i>	<i>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 2025 - 2026</i>	<i>LIÑA DE ACTUACIÓN</i>	<i>INDICADORES DE LOGRO</i>
Mellorar a orientación académica e profesional do alumnado e fomentar novas actividades de coñecemento das diferentes e saídas académicas e profesionais.	Acompañar o alumnado na toma de decisións académicas e profesionais informadas e realistas.	- Mercar novas probas de orientación vocacional para o alumnado. - Mellorar a coordinación coa profesora de FOL para elaborar obradoiros que melloren a súa orientación vocacional. - Participación en actividades externas: feiras, Xornadas de Orientación, obradoiros...	- Adquisición de dúas novas probas de orientación vocacional para o alumnado. - Realización dun obradoiro sobre Currículo Vitae coa profesora de FOL en 4º ESO. - Asistencia a dúas actividades externas de orientación vocacional.
Realizar unha charla de orientación académica e profesional coas familias para que coñezan os diferentes itinerarios, opcións académicas e profesionais do sistema educativo, etc., xa que foron moitas as familias que acudiron a orientación solicitando información ao respecto. Ademais, isto favorecerá a que axuden na toma de decisións do seus fillos/as.	Implicar ás familias no proceso de toma de decisións do alumnado, ofrecéndolles información clara sobre o sistema educativo e as súas opcións.	Realizar unha charla informativa para as familias sobre as diferentes e saídas académicas e profesionais.	Participación dun 25% das familias do alumnado de 4º ESO na charla informativa.
Levar a cabo máis actividades co alumnado de Primaria que se incorpore novo ao centro.	Aumentar o número de actividades a realizar co alumnado de 6º Primaria, dos centros adscritos, que se incorporará o vindeiro curso ao IES.	- Intercambio de cartas, vídeos ou encontros entre alumnado de 6º e 1º da ESO. - Preparación dun díptico ou guía de benvida coas dúbidas frecuentes.	- Realizar unha actividade a maiores entre o alumnado de 1º ESO e 6º EP. - Elaboración un díptico ou guía de benvida coas dúbidas frecuentes.
Manter a mesma liña de coordinación cos Departamentos de Orientación	Garantir a continuidade educativa e a transmisión de	Manter a mesma liña de coordinación cos Departamentos	Realización dunha reunión por trimestre cos

dos centros de Primaria adscritos ao IES.	información clave do alumnado que cambia de etapa.	de Orientación dos centros de Primaria adscritos ao IES.	Departamentos de Orientación dos centros de Primaria adscritos ao IES.
Manter a coordinación co profesorado de F.P. do centro, co obxectivo de dar maior visibilidade aos ciclos que oferta o IES.	Promover o coñecemento dos ciclos formativos do centro entre o alumnado e familias como opción real de futuro	- Promocionar a oferta de ciclos de FP do noso IES mediante contacto con outros centros. - Coordinar visitas guiadas aos talleres ou aulas de F.P. para alumnado de 4º ESO.	- Aumento da matrícula de alumnado externo ao centro nos ciclos de FP do noso IES nun 10%. - Realizar unha visita co alumnado de 4º ESO ás instalacións de FP do centro.

D) OUTRAS CUESTIÓNIS:

<i>PROPOSTAS DE MELLORA 2024 - 2025</i>	<i>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS 2025 - 2026</i>	<i>LIÑA DE ACTUACIÓN</i>	<i>INDICADORES DE LOGRO</i>
Seguir mantendo unha adecuada coordinación, colaboración e comunicación constante entre o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.	Mellorar a coherencia e eficacia das actuacións educativas a través da coordinación regular entre o DO e o Equipo Directivo.	- Reunións periódicas para planificar, avaliar e axustar accións. - Participación do DO en comisións específicas (convivencia, diversidade, avaliación, etc.). - Establecemento de canles que permitan o intercambio fluído de información relevante (protocolos, casos, alumnado, recursos...).	- Aumentar o nivel de participación do DO na vida do centro - Establecemento dunha canle de comunicación fluída.
Dar maior visibilidade a labor do Departamento de Orientación a través do espazo na páxina web do instituto e/ou redes sociais. Así como seguir engadindo información académica,	Visibilizar o papel do DO e facilitar o acceso a recursos útiles para alumnado e familias.	- Actualizar os recursos facilitados polo Departamento de Orientación a través da web do IES. - Dar visibilidade do Departamento de Orientación a través das redes sociais do IES.	- Actualización do apartado "Departamento de Orientación" da páxina web do centro. - Facer unha publicación a través das redes sociais do

profesional, etc. neste espazo.			IES, polo menos, unha vez ao trimestre, sobre algunha actuación do departamento.
Continuar actualizando os nosos coñecementos a través de formación continua (cursos, xornadas, congresos, grupos de traballo, seminarios, outros) e diversas fontes de información (bibliografía, portais educativos, normativa,...).	• Manter unha práctica profesional actualizada, fundamentada e eficaz a través da formación permanente.	• Acudir a cursos de formación continua. • Participar nos cursos de FPP do centro.	• Acudir a cursos de formación continua, polo menos, unha vez ao trimestre. • Participar, polo menos, en dous FPP do centro.
Continuar actualizando e dotando ao Departamento de Orientación de recursos actualizados, especialmente de material psicopedagógico relacionado coa orientación académica e profesional (pos exemplo, test vocacional).	• Dispoñer de recursos actualizados que permitan realizar unha orientación máis eficaz, adaptada ao contexto e ás necesidades do alumnado.	• Retirar do departamento a documentación do ex-alumnado do centro. • Mercar novo material psicopedagógico, especialmente para a orientación vocacional.	• Retirada de documentación do ex-alumnado do centro. • Mercar dúas probas novas de orientación vocacional.



5.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

O ámbito de actuación do noso departamento é moi amplo e variado. De feito, tanto as características do alumnado como a propia organización do centro e dos recursos de que dispoñemos, variaron continuamente nos últimos anos. O Departamento vense adaptando a todas estas variables, buscando sempre de tódolos xeitos acadar o beneficio de todo o alumnado e da comunidade educativa en xeral, en prol da mellora da calidade do ensino.

O noso departamento cumpre tódalas funcións reguladas polo Decreto 120/1998 que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e aínda que están todas moi interrelacionadas e se levan a cabo ao longo do curso en tódolos momentos, podemos establecer unha certa temporalización e priorización, de acordo cos diferentes momentos do proceso do ensino-aprendizaxe e de acordo coa organización do centro e das diferentes situacións na que se van atopando os alumnos, os pais, os docentes, etc.

5.1. Liñas de actuación prioritarias.

Cumple, neste momento, a análise da *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o centro ten determinadas.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro, son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias. O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenvolvemento doutras a vindeiros cursos.

A continuación, recóllense as **liñas prioritarias de actuación** deste departamento de Orientación para o presente curso escolar, **as cales foron consensuadas cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos** (na reunión celebrada o 17 de setembro de 2025) para que a súa consecución sexa coordinada:

- 1 Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.



- 2 Realizar actuacións referidas á formación permanente, á investigación, á experimentación e innovación promovendo sempre a reflexión crítica sobre a nosa práctica docente.
- 3 Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, especialmente no relativo ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 4 Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT, especialmente aquelas que teñan que ver coa atención ás necesidades socio-emocionais.
- 5 Diseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- 6 Promover a mellora dos canles de coordinación cos orientadores/as dos centros de Educación Infantil e Primaria de Tomiño co obxectivo de facilitar o tránsito do alumnado á etapa da ESO.
- 7 Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno: Servizos Sociais, Servizo de Saúde, Asociacións, EOE, etc.
- 8 Promover unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa.
- 9 Elaborar e/ou manter actualizado o Plan de Orientación, o Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) e o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).

OBSERVACIÓNS: o punto 6 redactarase de xeito diferente segundo sexa un CEP, CEIP ou IES.

5.2. Temporalización.

A planificación temporal das accións do Departamento de Orientación para o presente curso escolar é a seguinte:

- Primeiro trimestre:

MES	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS
Setembro	Participación nos claustros e CCPs de inicio de curso	Xefatura DO	
	Reunión inicial cos equipos docentes de cada nivel para	Xefatura DO	Equipos docentes



	informar sobre o alumnado con NEE		
	Asesoramento ás familias para participar nos premios ao esforzo e superación persoal	Xefatura DO	Familias de alumnado con NEAE que rematou o curso pasado 4º ESO
	Elaboración de informes para as bolsas do ACNEAE	Xefatura DO	Alumnado con NEAE
	Elaboración de informes do alumnado proposto para os premios da ESO ao esforzo e superación persoal	Xefatura DO Titores 4º ESO Xefatura Estudos Director	Alumnado proposto
	Constitución do DO do IES	Xefatura DO	DO
	Realización do Plan Anual de Orientación	Xefatura DO	Comunidade Educativa
	Proposta de actividades complementarias do DO	Xefatura DO	Claustro, consello escolar
	Reunión de inicio de curso cos orientadores/as dos centros adscritos	Xefatura DO	Orientadores do IES e centros adscritos
	Petición de información sobre alumnado NEAE de nova incorporación ao centro	Xefatura DO	Alumnado con NEAE
	Elaboración dos horarios das mestras PT	Xefatura DO Xefatura Estudos	Alumnado con NEAE
Outubro	Realización da concreción anual do PAT, PXAD e POAP	Xefatura DO	Comunidade Educativa
	Organización das actividades do PAT e POAP para todo o curso: Plan Director, Érguete Baixo Miño, Programa A Ponte, etc.	Xefatura DO e Vicedirección	Profesorado, alumnado e familias
	Reunión cos titores para información sobre as características da súa titoría	Xefatura DO Xefatura Estudos	Titores/as
	Preparación da avaliación inicial do alumnado	DO Titores/as	Profesorado
	Asistencia ás avaliacións iniciais	DO	
	Previsión das medidas de atención a diversidade: exención de 2ª LE, apoio de PT, ACS, etc. e revisión cando se considere necesario	DO	Comunidade Educativa
	Revisión dos horarios das mestras PT	Xefatura DO Xefatura Estudos	Alumnado con NEAE



	Asesoramento ao profesorado na realización das ACS e realización do DIAC	DO	Profesorado
Novembro	Envío a Inspección das ACS	DO	Alumnado NEAE
Decembro	Asistencia as avaliacións do alumnado do 1º trimestre	DO	
Ao longo do trimestre	Realización das avaliacións psicopedagóxicas e as peticións de valoracións recibidas.	Xefatura DO	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias

• Segundo trimestre:

MES	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS
Xaneiro	Revisión das medidas de atención á diversidade acordadas na 1ª sesión de avaliación.	Xefatura DO	Comunicade educativa
Febreiro	Actividades: Febreiro – Mes das emocións.	DO, Medicación e Dinamización Lingüística	Alumnado e familias
	De ser preciso, solicitude de intervención do E.O.E. (para cambio de modalidade de escolarización).	Xefatura DO	
Marzo	Reunión trimestral cos orientadores dos centros adscritos.	Xefatura DO	Orientadores do IES e centros adscritos
	Asistencia as avaliacións do alumnado do 2º trimestre.	DO	
	Cubrir o DRDadi	Xefatura DO	
Ao longo do trimestre	Realización das avaliacións psicopedagóxicas xurdidas ao final da 1ª avaliación e atención ás peticións de valoración.	Xefatura DO	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias.

• Terceiro trimestre:

MES	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS
Abril	Participación nas probas diagnósticas 2º ESO	Xefatura DO	Alumnado 2º ESO
	Orientación académica e profesional – charlas informativas	DO	Alumnado e familias



Maio	Reunión trimestral cos orientadores de Tomiño	Xefatura DO	Orientadores do IES e centros adscritos
	Asistencia ás avaliacións finais ordinarias de 2º BAC	DO	Alumnado e profesorado
	Transición Primaria a Secundaria	Xefatura dos DO dos centros de Tomiño	Alumnado e familias dos centros de primaria adscritos
Xuño	Reunión cos centros adscritos para intercambiar información sobre o alumnado de nova incorporación ao centro	Xefatura de DO e equipo directivo	Orientadores e titores dos centros adscritos
	Asistencia ás avaliacións finais ordinaria do alumnado de FPB e 1º Bacharelato.	DO	Alumnado e profesorado
	Asistencia ás avaliacións extraordinarias do alumnado de 2º BAC	DO	Alumnado e profesorado
	Asistencia ás avaliacións finais do alumnado da ESO	DO	Alumnado e profesorado
	Asistencia ás avaliacións extraordinarias do alumnado da FPB e Bacharelato	DO	Alumnado e profesorado
	Previsión do alumnado proposto polo equipo docente para a incorporación á FPB	DO	Alumnado e profesorado
	Elaboración da memoria do Departamento	Xefatura DO	
	Elaboración da memoria da concreción anual do PAT, PXAD e POAP	Xefatura DO	
	Cumplimentar DRD Orienta	Xefatura DO	
	Asesoramento ás familias e ao alumnado para a matrícula en FP Básica e FP.	Xefatura DO	Alumnado e familias
	Asesoramento na matrícula de ESO e BAC	Xefatura DO	Alumnado
Ao longo do trimestre	Realización dos grupos de 1º ESO	Xefatura DO	Alumnado 1º ESO
	Asesoramento ao Equipo Directivo na elaboración dos grupos	Xefatura DO	Comunidade educativa
	Realización das avaliacións psicopedagóxicas xurdidas na 2ª avaliación e atención ás peticións de valoracións.	Xefatura DO	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias.

- Ao longo de todo o curso:



MES	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS
Todo o curso	Entrevistas e atención a demandas de pais e nais de alumnos/as.	Xefatura DO	Familias
	Atención a demandas do alumnado durante os recreos e horas de tutoría	Xefatura DO	Alumnado
	Seguimento e atención educativa de alumnos con NEAE	Xefatura DO	Alumnado
	Reunións mensuais do Departamento	DO	Membros do DO
	Reunión semanais cos titores/as e a Xefatura de estudos	Xefatura de Estudos e Xefatura do DO	Titores/as
	Coordinación cos outros coordinadores de centro (igualdade, benestar emocional, radio, biblioteca, ...).	Xefatura DO + profesor responsable (Héctor)	Comunidade educativa
	Asesoramento xeral na Acción Titorial	Xefatura DO	Profesorado
	Asesoramento e colaboración na elaboración/revisión dos documentos do centro	Xefatura DO	Claustro – Equipo Directivo
	Apertura/seguimento dos Protocolos educativos da Xunta	Xefatura DO e Equipo Directivo	Alumnado
	Coordinación cos Servizos Sociais de Tomiño	Xefatura DO e SS.SS.	Comunidade educativa
	Participación en cursos de Formación Permanente do Profesorado	Xefatura DO	
	Elaboración do Programa de habilidades sociais	Orientadora	Comunidade educativa

5.3. Actividades complementarias e extraescolares.

A continuación recóllense as actividades complementarias e extraescolares propostas polo DO, as cales están pendentes de aprobación polo Consello Escolar e da súa viabilidade para realizadas:

ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Asociación Érguete - Baixo Miño Obradoiro: Prevención de Drogodependencias.	4º ESO 1º FP Básica	1º trimestre



<i>Plan Director</i> Charla sobre novas tecnoloxías	1º ESO	2º trimestre
<i>Plan Director</i> Charla sobre outras adiccións (apostas, videoxogos, etc.)	2º FP Básica	2º trimestre
<i>Plan Director</i> Charla sobre educación vial	FP	2º trimestre
<i>Plan Director</i> Charla sobre protección da natureza	FP Agraria	2º trimestre
<i>Universidade de Santiago de Compostela (USC)</i> Charlas temáticas	4º ESO FP BAC	2º trimestre
<i>Universidade de Vigo</i> Charlas científico-divulgativas		
<i>Departamento de Orientación</i> Charlas de orientación académico-profesional	ESO, FPB e BAC	2º trimestre
<i>Departamento de Orientación</i> Xornadas de portas abertas para os centros adscritos de primaria	6º Primaria	3º trimestre

Dentro destas actividades, quedará pendente a posibilidade de poder facer saídas fóra do centro:

ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Visita á Universidade de Santiago	2º BAC	Pendente de convocatoria (2º trimestre)
Visita á Universidade de Vigo	1º BAC	Pendente de convocatoria (2º trimestre)
Saída ao Centro Residencial e CIFP Manuel Antonio	4º ESO	Pendente (3º trimestre)



6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Dende o Departamento de Orientación temos a obriga de fomentar estratexias metodolóxicas activas e participativas, que impliquen tanto á comunidade educativa como as distintas institucións do entorno, con accións de carácter global que repercutan en todos os elementos do proceso educativo.

A nosa metodoloxía de traballo está fundamentada principalmente no modelo de programas no que nos baseamos, impulsada pola consulta colaborativa e levando a cabo un asesoramento individualizado naqueles casos en que sexa necesario.

Entre as técnicas a utilizar nas actividades que desenvolveremos, dunha forma resumida podemos mencionar: charlas informativas, debates, visitas a empresas e organismos, estudo de casos, observación, traballo en pequenos grupos, utilización de fontes documentais (bibliotecas, arquivos, etc.), utilización de recursos informáticos e audiovisuais, entrevistas grupais e individuais, cuestionarios, aportación de información escrita (circulares, folletos informativos), etc.

Para garantir unha axeitada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na titoría e orientación, establécense distintas estratexias dende un enfoque de traballo colaborativo e cooperativo.

1 *No centro educativo:*

- ❖ Participación na CCP.
- ❖ Participación no Consello Escolar.
- ❖ Participación nas sesións de Avaliación.
- ❖ Reunións de coordinación mensuais co Equipo Directivo.
- ❖ Reunións de coordinación mensuais con todos os membros do departamento de Orientación.
- ❖ Reunións de coordinación semanais cos titores dos distintos niveis educativos.

2 *Coa contorna:*

Estableceranse as reunións necesarias con outras institucións sociais e educativas do contorno: servizos sociais do concello, centro de saúde, servizo galego de colocación, a oficina municipal de información xuvenil, etc.



7.- AVALIACIÓN DO PLAN: MECANISMO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E PROCESOS DE MELLORA.

Para poder comprobar se o Plan é adecuado e cumpre a súa función resulta imprescindible avalialo para dese xeito poder introducir cambios que nos permitan melloralo e facer propostas de futuro. Así, os criterios de avaliación que, a priori, guiarán o proceso de avaliación da actividade desenvolvida polo Departamento de Orientación serán:

- ◆ Adecuación dos programas desenvolvidos á realidade do centro.
- ◆ Temporalización axeitada das actividades.
- ◆ Implicación e participación do conxunto do profesorado, dos titores e do alumnado nos plans propostos.
- ◆ Canles de comunicación e coordinación
- ◆ Participación dos pais e nais nas actividades programadas
- ◆ Grao de coordinación entre os centros adscritos e o Departamento de Orientación do IES.
- ◆ Adecuación das diferentes estratexias de coordinación entre o Departamento de Orientación e o equipo directivo, as familias, etc.
- ◆ Valoración do desenvolvemento das medidas de atención a diversidade: implicación no desenvolvemento das Adaptacións Curriculares, no Reforzo educativo, avances obtidos polo alumnado que se beneficia destas medidas.

A avaliación do cumprimento dos nosos obxectivos terá un carácter continuo e formativo, mais tamén será plasmada por escrito ó final do curso na Memoria do Departamento. Dita avaliación contará con tres momentos indispensables en calquera avaliación:

- ❖ Avaliación inicial: avaliación das necesidades do centro ao iniciar o curso, recollendo todos os datos e suxestións necesarios nas distintas reunións do Departamento de Orientación, na CCP, etc.
- ❖ Avaliación formativa o procesual: ao longo do curso, na reunión mensual que adicaremos aos asuntos xerais do departamento, iremos valorando entre todos os membros o grao de consecución dos nosos obxectivos, o cal nos permitirá ir corrixindo erros e, se é o caso, establecendo novos obxectivos que vaian xurdindo ao longo do curso.
- ❖ Avaliación final: levarase a cabo ao final de curso e os seus resultados



exporanse na memoria do Departamento de xeito que sirvan de base para manter no vindeiro curso algúns aspectos do proxecto así como para modificar aqueles que se considere preciso. Esta memoria incluírá (*Orde do 24 de Xullo de 1998*):

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.

A avaliación será sistémica e continua, que deberá levarse a cabo durante todo o proceso educativo, sen cingirse a un momento determinado ou puntual, e que debe impregnar o desenvolvemento do plan mesmo nas súas distintas fases. Para ela, teranse en conta: as observacións realizadas dende o propio departamento por parte de todos e cada un dos seus membros, entrevistas cos distintos membros da comunidade educativa, cuestionarios, suxestións e información formuladas por calquera membro da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias), valoracións de instancias externas ao centro (como poden ser o Servizo de Inspección Educativa ou o EOE), etc.

En resumo, esta avaliación configurarase como un instrumento de **calidade educativa**, na medida en que, en primeiro lugar, vai ser o instrumento básico para realizar unha primeira diagnose respecto a cales son as necesidades fundamentais do centro, do alumnado, do profesorado e/ou familias. En segundo lugar, posibilita a mellora constante, introducindo aquelas modificacións pertinentes no curso do desenvolvemento de cada unha das actuacións previstas. Por último, permite facer unha análise pormenorizada da efectividade das medidas implementadas á vista dos resultados obtidos, ao mesmo tempo que abre canles para a identificación daqueles aspectos susceptibles de mellora de cara á planificación e execución de intervencións futuras.

Tomiño, 23 de setembro de 2025.

Nuria Garrido Carballido
Orientadora do IES Antón Alonso Ríos



ANEXO 1

PLAN DE INTERVENCIÓN DO PROFESORADO PT

ÍNDICE

- 1 Introducción e contextualización.**
- 2 Identificación de necesidades.**
- 3 Obxectivos.**
- 4 Contribución ao logro das competencias clave.**
- 5 Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.**
- 6 Metodoloxía.**
 - 6.1 Reunións e coordinación.**
- 7 Temporalización.**
- 8 Materiais e recursos didácticos.**
 - 8.1 Actuación da mestra especialistas en PT.**
 - 8.2 Recursos materiais.**
 - 8.3 Recursos materiais – traballo non presencial.**
 - 8.4 Recursos humanos.**
 - 8.5 Espazo de apoio.**
- 9 Avaliación da programación: mecanismos de revisión, modificacións precisas e procesos de mellora.**



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

O plan de apoio é o instrumento que responderá ao intento de racionalizar de xeito planificado a práctica pedagóxica, permitindo guiar as actuacións ao longo do curso académico 2025/26 das dúas mestras especialistas en PT para o logro dos obxectivos propostos.

Como tal, o plan de apoio presenta unhas características propias:

- Adecuación ao contexto.
- Concreción.
- Flexibilidade en conexión coa realidade contextual.
- Viabilidade.

Para tal planificación/actuación desde esta especialidade tómase de referencia-base a nova *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*. Así tamén, aténdese aos principios e fins que han de guiar a nosa actuación, reflectidos nesta no capítulo I, de disposicións xerais da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e dos principios do Decreto 229/2011, do 7 de decembro*; destacando e valorando especialmente a normalización, a flexibilización e especialmente a inclusión, coa convicción de que a educación é para todos/as, por dereito e beneficio para a sociedade no seu conxunto.

Deste xeito podemos destacar, ademais:

- ❖ A calidade de educación para todo o alumnado, tratando de que as súas condicións e circunstancias persoais sexan unha información a tratar e non un hándicap para acadar esta calidade.
- ❖ A equidade como medio para garantir a igualdade de oportunidades e a non discriminación.
- ❖ A cultura colaborativa, como medio para mellorar o funcionamento e a organización educativa a través de mecanismos internos de coordinación.
- ❖ A aprendizaxe permanente, para lograr unha verdadeira educación baseada nas competencias clave e a súa adquisición por parte do noso alumnado.

O contexto no que se engloba o IES Antón Alonso Ríos, xunto ao gran número de alumnado que abrangue coa súa heteroxeneidade e diversidade, é unha realidade educativa no presente curso escolar que, dende a especialidade de Pedagogía Terapéutica en coordinación co resto do



profesorado e Departamento de Orientación, tratarase de dar unha resposta educativa o máis axeitada, adecuada e integradora que sexa posible.

2. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES:

Desde a Prevención como principio, sección 2ª, Capítulo II da *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011*, basearémonos na metodoloxía de I-A, cuxa finalidade é incrementar o coñecemento e obter conclusións sobre a realidade observable mediante a análise da relación establecida entre os elementos que configuran unha situación educativa e, posteriormente, tomar decisións sobre como intervir para mellorar tal situación.

Para tal detección das posibles necesidades, referenciado na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 Capítulo II*, Alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e definido nos seus artigos 6, 7, 8, 9 e 10, partiremos da nosa colaboración na avaliación inicial (CAPÍTULO II. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Sección 2ª. Prevención como principio. Artigo 12. Avaliación inicial), que se define como factor de prevención por excelencia na atención á diversidade, especialmente nos casos de alumnado con necesidade específica de apoio educativo e coa finalidade de adaptar o proceso de E-A á alumna ou alumno, co obxectivo de facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Tal colaboración centrarámosla nun estudo exhaustivo (análise e interpretación de datos) do expediente académico que acompaña ao alumnado, observación directa e compartida co profesorado implicado (traballo de campo) e documentos de avaliación psicopedagóxica; así como de outros informes que existan e que axuden a recadar información. Así mesmo, achegaremos información á Xefatura do departamento de orientación cando nos sexa solicitada e/ou consideremos relevante para a elaboración do informe psicopedagógico.

Esta recollida de información levaranos a unha posterior valoración de resultados e conclusións para unha toma de decisións: desenvolvemento dun plan de acción, acción de tal plan con observación, reflexión e avaliación.

Tanto no desenvolvemento do marco teórico como do práctico, buscarase a colaboración da comunidade educativa implicada e desde o ámbito máis concreto/achegado ao máis xeral.

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais a conseguir neste curso son:



1. Procurar un desenvolvemento integral do alumnado nos planos académico, afectivo, persoal e social, proporcionándolle axudas que lle permitan superar as súas dificultades e estratexias para toma de decisións axeitadas.
2. Participar no deseño de intervencións educativas no marco dunha educación inclusiva real que asegure a igualdade de oportunidades.
3. Establecer coordinacións constantes co profesorado titor e/ou de materia para dar unha continuidade e calidade ao proceso de ensino-aprendizaxe.
4. Participar no trato da implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
5. Intentar proporcionar un clima de aula e centro positivo, que permita ao alumnado a adquisición das competencias clave, especialmente a social e cívica; así como a de aprender a aprender.
6. Participar en proxectos de formación permanente e innovación metodolóxica como medio para mellorar a calidade do ensino.
7. Contribuír á personalización da ensinanza, asesorando ao profesorado sobre as características e potencialidades do ACNEAE.
8. Promover unha aprendizaxe funcional para lograr o desenvolvemento de habilidades básicas para a vida diaria no ACNEAE.
9. Adaptarse aos diferentes escenarios de educación (presencial, e/ou non presencial) que poidan xurdir.
10. Colaborar coa xefatura do departamento na detección e atención das necesidades socio-emocionais xurdidas.
11. Colaborar no axuste á realidade das ACS, RE e outras medidas de atención a diversidade.

4. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

Como misión compartida, colaborarase na procura da obtención das competencias clave por parte do alumnado, entendidas como aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e o desenvolvemento persoal; así como para a cidadanía activa, inclusión social e laboral.

Seguindo o *DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*, potenciaranse as competencias clave de etapa, fundamentalmente:



- ✓ Competencia en comunicación lingüística (CCL): traballando sobre a acción comunicativa a través de textos de distintas modalidades, formatos e soportes tanto orais coma escritos.
- ✓ Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM): procurando a utilización do cálculo e razoamento matemático e científico para a resolución de problemas reais.
- ✓ Competencia cidadá (CC): desenvolvemento de habilidades que lle permitan examinarse a si mesmos, recoñecer as súas reaccións e actos; cumprir os seus acordos, propoñer, entender e respectar as normas.
- ✓ Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): adquisición de habilidades que lle permitirán iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe de xeito máis autónomo posible; consciencia sobre as súas propias emocións-ideas-comportamentos, estratexias de auto-xestión; participación nas aprendizaxes colaborativas con actuación construtiva.

5. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

A intervención profesional por parte das mestras especialistas en PT (e en atención á *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 no Artigo 57, Sección 2ª*. Medidas extraordinarias, do capítulo IV: Identificación e procedemento de elaboración e aplicación de determinadas medidas educativas de atención á diversidade) centrarase na atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais; sen prexuízo de que, excepcionalmente, atendan a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo puntual.

Así, queda concretada a súa actuación nas seguintes funcións específicas (punto 2 de dito artigo):

- Colaborar coa Xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Prestar atención docente ao alumnado encomendado, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola Xefatura do departamento de orientación á Xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atenden, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación. Tales programas (punto 5 Artigo



57 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011) deberán considerar:

- As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presenta o alumno ou alumna, que deben constar no informe psicopedagógico.

- O currículo de referencia do alumno ou da alumna. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.

- O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

- A coordinación co profesorado tutor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

- O seguimento e a avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.

- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola Xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

En atención ao punto 4 do presente artigo (*ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011*), exercerán a súa atención docente directa dentro da aula ordinaria do alumnado que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagógico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia (agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente



á ordinaria e poderá desenvolverse en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnos/as).

Ao finalizar o curso, tal e como se recolle no punto 6 do artigo 57 da *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, o profesor de apoio elaborará unha memoria na cal incluírá (tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumno ou alumna, a que se refire o punto 2.g deste artigo), cando menos, os seguintes aspectos:

- ❖ Cantidade de alumnado que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.
- ❖ Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas cales realizou as intervencións de apoio.
- ❖ Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
- ❖ Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A memoria será entregada á Xefatura de departamento de orientación que incluírá, como anexo, na memoria anual dese departamento.

COAS FAMILIAS:

Partindo da perspectiva do noso Centro, en relación a facer participe ás familias no proceso de E-A dos seus fillos/as, promoveremos a súa colaboración. Así, desde a unidade do profesorado PT, hai que promover un clima emocional positivo coas familias. Isto supón coidar moito a linguaxe e actitudes que adoptemos con estas, para favorecer a colaboración entre ambos colectivos.

A actuación/consideración do profesorado de apoio neste ámbito, será a través do profesorado-titor; presencialmente cando a situación o requira e, en cumprimento dunha das liñas de actuación do Plan de Dirección: "mellorar a comunicación coas familias do alumnado con NEAE" e en atención ao plasmado dentro do PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN no punto 4.2. "obxectivos específicos".

As pautas centraranse en:

- Atender ás peticións por parte de pais/nais/titores legais do alumnado ao que presta apoio; así como acadar, ao mesmo tempo, información relevante para o mellor desenvolvemento na atención do alumnado.

Orientar e asesorar ás familias para promover a súa participación e colaboración na educación e formación integral do seu fillo/a ou titorando.



6. METODOLOXÍA:

Coñecer cal é a metodoloxía idónea e/ou máis beneficiosa, para que, como mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica, empreguemos nas nosas intervencións educativas é un proceso difícil que require que partamos, rigorosamente, dun coñecemento exhaustivo de varios puntos clave, como:

- ✓ As características do alumnado obxecto das intervencións.
- ✓ Espazos ou aulas de intervención.
- ✓ Etapa educativa na que está coas características propias dela.

Coñecer a resposta a estes aspectos, axudará a elixir cal é a metodoloxía que máis se vai adaptar ao entorno educativo e permitirá acadar con maior facilidade os obxectivos anteriormente citados.

Partindo da necesidade de flexibilización, para lograr que sexa inclusiva e accesible a todo o alumnado, priorizarase a intervención dentro da aula ordinaria en colaboración co profesorado das materias; de xeito que todo o alumnado, independentemente da presenza ou non de NEAE, poida beneficiarse de contar con dous docentes dentro da aula.

- ◆ Para respectar os distintos ritmos e estilos da aprendizaxe, organizaranse actividades multinivel que permitan asumir a individualización e a accesibilidade de todo o alumnado aos contidos. Xunto con outras técnicas específicas como: instrución verbal (explicar, incidir, preguntar, definir...), uso de autoinstrucións básicas (para dirixir a propia actuación na súa planificación e autorregulación), modelado; moldeamento (reforzando as sucesivas aproximacións) ou feedback; que permitirán a obtención de recursos para superar as dificultades atopadas. Sempre buscando o reforzo positivo.
- ◆ Para que a metodoloxía promova o logro das competencias clave e obxectivos de etapa, habemos de partir dos coñecementos previos cos que conta o noso alumnado e, dende aí, deseñaranse actividades e tarefas que esperten a motivación e o interese cara a aprendizaxe por parte deles/as. É importante partir do deseño de situacións-problema da vida diaria (método ABP), para traballar a autonomía no alumnado con NEAE. Do mesmo xeito, fomentárase a creatividade.
- ◆ Para que esta metodoloxía sexa efectiva, favorecerase a colaboración e coordinación co profesorado co que se interveña na aula, asesorando sobre actividades, metodoloxías inclusivas e buscando conxuntamente medidas de atención á diversidade máis idóneas.
- ◆ Finalmente, estableceranse mecanismos de coordinación e dinamización co resto dos membros do Departamento de Orientación, en especial coa xefatura do DO.



6.1. REUNIÓN E COORDINACIÓN.

Co profesorado:

- Sesións de avaliación.
- Colaboración para elaboración das ACS.
- Coordinacións do apoio nas aulas ordinarias.
- Información dos progresos e dificultades do alumnado con NEAE, por medio de correo electrónico ou presencialmente en recreos e/ou momentos que se fagan coincidir.

Coas familias:

- Será a través do profesorado tutor do alumno/a para o seu asesoramento e información. No caso de ser necesario directamente con estas, as reunións serán no espazo determinado para tal fin no Centro Educativo.

Co DO:

- Reunións do DO mensuais de acordo co establecido no Plan de Orientación.

Outras reunións:

- Reunións da CCP e Claustro cando sexan convocadas.

7. TEMPORALIZACIÓN:

Ao longo do curso as actuacións en relación co profesorado especialista PT, serán:

- Elaboración do Programa de Intervención do alumnado ao que atende.
- Participación na avaliación inicial do alumnado.
- Participación nas sesións de avaliación do alumnado.
- Reunións de coordinación docente e asesoramentos.
- Reunións mensuais do DO.
- Apoio na aula ordinaria e/ou fora da aula ordinaria, segundo a situación o requira.
- Revisión/valoración da súa intervención co alumnado ao que presta atención educativa nas sesións de avaliación.
- Elaboración da memoria de fin de curso.



8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

8.1. ACTUACIÓN DOS MESTRES/AS ESPECIALISTAS EN PT.

Segundo o Decreto 229/2011, as intervencións específicas, que sexan precisas por parte do profesorado especialista de PT, serán organizadas pola Xefatura do Departamento de Orientación de acordo cos criterios establecidos na PXAD e coa participación do profesorado-titor do alumno/a e do propio profesorado de Pedagogía Terapéutica.

Deste xeito, a intervención desde a especialidade PT basearase nos seguintes principios:

- Primar as necesidades permanentes fronte as temporais.
- Priorizar unha atención docente directa a aquel alumnado con ACS.
- Atender ás necesidades do novo alumnado do centro, tendo en conta os informes finais da etapa anterior e a información da avaliación inicial.
- Priorizar o apoio nas materias instrumentais, como son: Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega.

Destacar o papel fundamental da coordinación co profesorado do centro e outros posibles especialistas implicados, así tamén coas familias e resto da comunidade educativa. Deste xeito, conseguiremos (ou tentaremos de conseguir) un proceso educativo de calidade para todo o noso alumnado, onde aquel que amose NEAE saíra enriquecido sempre nun ambiente baseado nos principios de normalización, inclusión, igualdade de acceso e permanencia no sistema educativo e, polo tanto, non discriminación.

8.2. RECURSOS MATERIAIS.

Destacando os recursos tecnolóxicos como medio facilitador de poder poñer á disposición, nun prazo corto, unhas estratexias e sistemas máis dinámicos e participativos, utilizarase como recurso de base EDIXGAL, onde o profesorado de apoio será matriculado polo profesorado da materia na que imparte o seu apoio e figurará como segundo profesor/a.

Ademais, usaranse outros materiais como diversos libros de textos dos departamentos, libros de lectura da biblioteca do centro, series de manuais cos que se poden traballar diferentes áreas: razoamento, linguaxe, cálculo, pensamento creativo, estratexias de aprendizaxe... Sempre tratando de buscar aqueles recursos que axuden a este alumnado a acadar os mínimos que lle correspondan segundo o nivel académico no que estea matriculado e en atención ás súas necesidades (académicas, emocionais, persoais-sociais); e, ao mesmo tempo, fomentar aquelas aptitudes en que destacan máis que



noutras (ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro no Capítulo VII: O desenvolvemento social e emocional do alumnado. A protección e a promoción do talento.artigo 96. O talento e a diversidade).

8.4. RECURSOS HUMANOS.

Como recurso humano podemos contar con: profesorado-titor, profesores/as dos distintos Departamentos, dúas mestras especialistas en PT, a xefatura do DO, o Equipo Directivo e aqueles profesionais externos ó centro que poidan intervir e/ou colaborar: EOE, CEFORE, Servizos Sociais... e as familias.

8.5. ESPAZO DE APOIO.

Segundo dita a *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, capítulo IV, sección 2ª, Artigo 57, punto 4*: a atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, con carácter xeral, exercerase dentro da aula ordinaria do alumnado que apoia. Fóra da aula ordinaria terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagógico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais.

Deste maneira, de xeito ordinario, o apoio será realizado dentro da aula ordinaria, colaborando co profesorado, combinando traballo individual con colectivo e na procura sempre de metodoloxías que favorezan o desenvolvemento social e emocional do alumnado.

En caso excepcional, poderíase facer apoio fóra da aula ordinaria, constando no informe psicopedagógico do alumno/a.

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN: MECANISMOS DE REVISIÓN, MODIFICACIÓNS PRECISAS E PROCESOS DE MELLORA.

Segundo a *ORDE do 25 de Xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, Capítulo III, Artigo 7: Avaliación e en atención á *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*:

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das



competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, de 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou obtención do título de graduado/a escolar en educación secundaria obrigatoria.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Para moitos autores do ámbito da educación, é considerada como un proceso caracterizado por tres fases fundamentais (método de I-A):

- Unha recollida de información sobre o proceso,
- Unha análise de dita información e
- A emisión dun xuízo sobre esta para fundamentar decisións necesarias.

9.1. AVALIACIÓN INICIAL E PLANIFICACIÓN DA RESPONSTA EDUCATIVA:

Para a realización da avaliación inicial e a posterior planificación da resposta educativa, abordaranse as seguintes fases:

- Información e documentación: durante o principio do curso, xunto á xefatura do departamento de orientación, lévase a cabo a lectura-revisión, actualización dos informes do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Observación: coordinadas coa Xefatura de Estudos e a Xefatura do DO, comeza un período de observación no cal, en coordinación co profesorado das materias, ofrecemos apoio nas aulas co xeito de participar na identificación das necesidades de cara as avaliacións iniciais.
- Avaliacións iniciais: os titores e titoras de cada grupo coordinarán as reunións co resto do equipo de profesorado, membros departamento de orientación e responsables do equipo directivo, coa finalidade de analizar a situación académica do alumnado e, así, detectar posibles necesidades, co obxectivo de planificar medidas de atención á diversidade necesarias e/ou apoios educativos.
- Elaboración de horarios e impartición de apoios: toda a información recollida nas avaliacións iniciais será tratada nunha reunión do Departamento de Orientación para comezar a tomar decisións de



carácter pedagóxico e organizativo e comezar, consecuentemente, a impartir os apoios educativos.

- Elaboración do Programa de Intervención (con indicadores de avaliación).

9.2. AVALIACIÓN CONTINUA:

Tendo como procedemento a observación sistemática, farase un seguimento o máis continuo posible co fin de detectar progresos e dificultades en atención ao programa de intervención; onde tamén se recollerán aspectos referidos a conductas observables e outros aspectos a avaliar de xeito específico. Estes progresos e posibles dificultades analizaranse co profesorado implicado e terá constancia a Xefatura de Departamento. Esta actuación con observación, permitiranos conxuntamente valorar o proceso de e-a e toma de decisións posibles. A información obtida por medio dos indicadores de avaliación incluídos no Programa de Intervención, daráselle a coñecer ao equipo docente nas sesións de avaliación e noutros momentos que se considere necesario, co obxectivo de conseguir/favorecer a evolución positiva do alumno/a.

Un aspecto importante que trataremos de promover é a autoavaliación no alumnado como medio para aprender a ser conscientes dos seus logros e das súas fortalezas, así como das dificultades e como subsanalas. Tamén a autoavaliación desde o profesorado implicado, coa finalidade de ser consciente das actuacións que favorecen o desenvolvemento integral do alumnado; e cales deixar de lado ou modificar na medida que se considere e que non repercuten positivamente no progreso integrador do alumno/a.

9.3. AVALIACIÓN FINAL:

Realizarase ao final do curso e quedará reflexada na memoria de final de curso.

Os ítems obxecto de avaliación han de ser:

- Alumnado que recibiu apoio e valoración da súa evolución integral.
- Coordinación co profesorado-titor e de materia onde se realizaron os apoios.
- Valoración reunión con familias en canto á frecuencia, comunicación e participación/colaboración en compartir información relevante; así, tamén, en canto a aplicación e consecución de metas compartidas.
- Dificultades atopadas e factores incidentes.
- Aspectos posibles de modificación e/ou mellora.

Tomiño, 23 de setembro de 2025.

Marta Martínez Valladares
Patricia López Rodríguez
Mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica